

RESOLUCIÓN DA COMISION PROVINCIAL DE VIVENDA DE Pontevedra, DE DATA 28 de xuño de 2010 POLO QUE SE INICIA O PROCESO DE SELECCIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCION PÚBLICA (VPP) NO CONCELLO DE PORRIÑO.

De acordo co disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como as acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, en sesión celebrada o 28 de xuño de 2010.

ACORDA

PRIMEIRO - Iniciar o proceso de selección dos adquirentes das VPP en segundas ou posteriores transmisións para as vivendas que se relacionan a continuación no concello de PORRIÑO.

**Concello de PORRIÑO:**

Número de vivendas: 3

Vivenda situada na rúa: POLÍGONO DE TORNEIROS, FASE V, BLQ. 2 - 4ª Expediente: PO93501 Conta: 45 Superficie: 80 m <sup>2</sup> Número de dormitorios: 3 Garaxe: Si. Rocho: Si. Prezo (incluídos garaxe e rocho vinculados de habelos): 66.704,00 ₣ euros
Vivenda situada na rúa: POLÍGONO DE TORNEIROS, FASE V (PTL. 2) 5ªC Expediente: PO93501 Conta: 51 Superficie: 80 m <sup>2</sup> Número de dormitorios: 3 Garaxe: Si. Rocho: Si. Prezo (incluídos garaxe e rocho vinculados de habelos): 66.704,00 ₣ euros
Vivenda situada na rúa: POLÍGONO DE TORNEIROS, FASE V, BLQ. 2 - PTL. 15, 6ªC Expediente: PO93501 Conta: 55 Superficie: 80 m <sup>2</sup> Número de dormitorios: 3 Garaxe: Si. Rocho: Si. Prezo (incluídos garaxe e rocho vinculados de habelos): 66.704,00 ₣ euros

SEGUNDO - Ofertar as citadas vivendas a través da páxina web do IGVS as persoas interesadas na súa adquisición, que estean inscritas no Rexistro Único de Demandantes o 28 de xuño de 2010.

As persoas interesadas deberán manifestar o seu interese na adquisición dalgunha das citadas vivendas, no prazo de **15 días**, dende a data de alta na páxina web, mediante escrito dirixido a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, a seguinte dirección:

R/ Alcalde Hevia, 7 - 36071 Pontevedra

No dito escrito farán constar os seus datos persoais, o número de credencial asignado á unidade familiar no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia e a/s vivenda/s na/s que estean interesados.

TERCEIRO - Requisitos dos adquirentes:

Poderán acceder a estas VPP as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade ou menores emancipados que reúnan os requisitos do apartado d) do artigo 3 do Decreto 253/2007, e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Atoparse inscrito no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello no que se sitúan as vivendas á data desta resolución de inicio.
2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar maiores o iguais a 0,7 veces o IPREM e menores ou iguais a 2,5 veces o IPREM.
3. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:
  - a) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados no artigo 47 da Lei 18/2008.  
Neste suposto quedarán obrigados a ofertar ao IGVS a dita vivenda a efectos do disposto no artigo 10.V do Decreto 253/2007.
  - b) Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafiuzamento xudicial ou administrativo non imputable ao interesado ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de situacións de emerxencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda ou se atopen en calquera das situacións excepcionais previstas no artigo 48 da Lei 18/2008.

De conformidade co artigo 10.II do Decreto 253/2007 non poderán acceder a VPP os que se atopen nalgunha desta circunstancias:

- a) Que xa foran titulares de VPP e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafiuzamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da Comisión Provincial.
- b) Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

CUARTO - Réxime de adquisición das vivendas:

As vivendas adquiriranse en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior propietario.

O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e unha vez asinado deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

#### QUINTO – Procedemento de selección:

De acordo co disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, no artigo 8 do Decreto 253/2007 e no artigo 31 do Decreto 1/2010 o proceso de selección de adquirentes será o de sorteo entre as persoas que reúnan os requisitos sinalados no apartado terceiro e que manifesten expresamente o seu interese na adquisición da/s vivenda/s.

O dito sorteo celebrarase ante notario. O resultado do sorteo notificarase aos interesados (primeiro adquirente da lista e vendedor). Na notificación faranse constar os datos do adquirente e do vendedor, así como o prezo de venda da vivenda e anexos.

Ao designado como adquirente no sorteo concederáselle un prazo de **10 días** para comunicar a súa aceptación. De non aceptar ou de non presentar a dita comunicación en prazo entenderase que non está interesado na adquisición e procederase a designar como adquirente ao seguinte da lista definitiva seguindo a orde correlativa correspondente.

Pontevedra, 28 de xuño de 2010

O/a presidente/a da Comisión Provincial de Vivenda

Asdo.: Evaristo Juncal Carreira

D./Dna. \_\_\_\_\_ con D.N.I.  
\_\_\_\_\_, e nº de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia \_\_\_\_\_, á vista da oferta de vivendas de promoción pública en segundas transmisións, para selección de adquirentes, publicada no portal de Internet do IGVS, con data do 28 de xuño de 2010

SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan):

- PO93501:45 (POLÍGONO DE TORNEIROS, FASE V, BLQ. 2 - 4ºA)
- PO93501:51 (POLÍGONO DE TORNEIROS, FASE V (PTL. 2) 5ºC)
- PO93501:55 (POLÍGONO DE TORNEIROS, FASE V, BLQ. 2 - PTL. 15, 6ºC)

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

Sinatura

Área Provincial do IGVS na provincia de Pontevedra